



# CIG-Saúde Informa

Os SERVIZOS PÚBLICOS establecéronse para dar resposta ás necesidades das persoas, non para comerciar nin para tirar beneficio económico delas; e non poden rexerse por criterios de rendibilidade, senón polo INTERESE SOCIAL.

**Gripe P**

**Unha moderna enfermidade producida polo virus P, pertencente á familia dos “neoliberalvirus” está a afectar á concepción dos Servizos Públicos.**



# COMO ACTÚA A GriPe P

A GriPe P afecta esencialmente á calidade do **sistema sanitario público**, estendéndose velozmente a partir de focos localizados en instalacións da Consellería de Sanidade.

Actualmente **estanse tratando de controlar** as cepas deste virus no laboratorio do Parlamento de Galicia, pero tévese que co mecanismo de acción chamado “**rodillo parlamentario**” pronto se poidan apreciar os seus **efectos devastadores** nos centros sanitarios públicos.



Xeralmente produce un **cadro clínico** caracterizado por:

**Anemia** orzamentaria (cantidade de euros por habitante en rápida diminución).

**Adelgazamento** extremo (menos recursos, menos servizos e menos persoal).


**Conxestión** (incremento galopante das listas de espera).

**Malestar xeral** e irritación que se contaxia a usuarias e usuarios e a profesionais.



# SÍNTOMAS DA Gri**Pe**P

A sintomatoloxía deste mal é variada, manifestándose con efectos diversos segundo as condicións concretas de cada individuo afectado, pero téñense descrito como **síntomas evidentes**:



**Diminución da autoestima**, que invade a administración da crenza de que a sanidade pública é peor cá privada.

**Desexo irrefreable de vender**, prestar, ou regalar locais, aparatos ou persoal dos centros públicos.

**Alteración da percepción** do que é socialmente correcto, con gusto crecente pola privatización.

**PlanMellorafobia**, que considera toda inversión en Atención Primaria derrochadora de recursos sanitarios e de medicamentos, e por iso os castiga sen novas prazas xa orzamentadas.

**Irritabilidade** ante opinións contrarias ou diferentes.

**Mesianismo**: nin se debate nin se negocia.



# PREVENCIÓN DA GriPe P


Non existen **vacinas eficaces** contra a GriPe P, polo que as medidas preventivas a adoptar deben basearse na aplicación estrita das seguintes **medidas hixiénicas**: a denuncia, o debate, as propostas, a mobilización, a defensa e o reforzamento do sistema sanitario público.

O **lavado de mans** non se aconsella, incluso é recomendable mancharse as mans para enfrontarse co problema.

**Quedarse na casa** demostrou que non funciona en ningún caso.

O **illamento social** favorece a este tipo de virus: organízate, reúnete, participa.

SE ATOPA CON PERSOAS OU SITUACIÓNS COMO AS DESCRITAS, NON O DUBIDE, APLIQUE AS MEDIDAS PREVENTIVAS DESCRITAS, E ACUDA O ANTES POSIBLE A CALQUERA MOBILIZACIÓN QUE SE CONVOQUE.



[www.cig-saude.org](http://www.cig-saude.org)



S A U D E